

## AER rexeita o manifesto do PP sobre as obras pendentes da AP-9 por ser presentado nos consellos parroquiais sen ningún tipo de consenso e cun texto con claras intencións partidistas



AER quiere deixar claro dende un principio que está **dacordo cos puntos que se demandan no manifesto presentado polo Goberno Local:**

1. *Realización inmediata das obras de mellora comprometidas en Chapela nas zonas do Torreiro, Pasán, camiño de Mouriño, Fonte Cornido e tamén no paso superior de Trasmañó.*
2. *Colocación inmediata das pantallas contra ruído no tramo de Chapela*
3. *Supresión inmediata da peaxe inxusta de Rande*
4. *Presentación inmediata do estudo prometido da viabilidade da apertura dunha saída da AP9 na zona coñecida como Torres de Padín*

Ata aquí estamos todas e todos dacordo, pero despois dunha década comprobouse como os gobernos que saían e entraban na Moncloa aprobaban e licitaban as obras de AUDASA sen ter en conta en ningún momento os danos e prexuízos que esa obra causaría a Redondela. O tempo e as numerosas demandas feitas deixan claro que dende o inicio deste despropósito, os responsables dos Ministerios de Fomento dos diversos gobernos que entraban e saían eran totalmente coñecedores de que **estaban aprobando un proxecto que carecía das xustas compensacións e melloras** para unha poboación que ía a sufrir unhas obras de tal calibre, mesmo sen a existencia dun mínimo estudo de impacto ambiental.

Despois de ser testemuñas estes anos do padecido pola veciñanza, a Agrupación de Electores de Redondela non pode asumir o manifesto tal como está redactado. Dende AER **esperábamos que o goberno local buscaría un texto integrador, pero o alcalde pasou directamente a presentar un texto partidista** sen consenso e sen reflectir a realidade pasada. Non buscou ese consenso necesario do resto dos grupos da corporación, pois non o enviou previamente para consultalo, nin nolo facilitou na xunta de voceiros celebrada o día oito de outubro para tratar precisamente o tema das mobilizacións que pretendía o alcalde. Ou sexa, é un manifesto que nin é de consenso nin representa á maioría da corporación. Outro tema a resaltar por AER respecto á xunta de voceiros celebrada sobre esta cuestión, é a falta de responsabilidade do resto de grupos da oposición ao non asistir ningún deles a esta xuntanza cunha orde de día deste calado.

AER considera que **non se pode mandar algo deste xeito aos consellos parroquiais sen dar tempo a que as asociacións de cada sector analicen o manifesto.** Levamos anos insistindo en que aos consellos parroquiais debe irse con reunións previas das asociacións, non poden servir de instrumento partidista onde uns poucos directivos avalen de xeito improvisado ao goberno local sen haber unha representatividade real do que se decide nas asociacións.

Tamén consideramos que o Partido Popular (PP) non pode vir xunto aos directivos da Asociación de Afectados a falar de unión veciñal cando ambos decidiran que a veciñanza non puidera asistir como público ao Consello Parroquial de Chapela, quedando este un ano bloqueado. Decidiron manter reunións privadas *“en outro formato”*( así as chamaban) á marxe da Comisión de Seguimento, deixando de lado aos grupos políticos da oposición (que son maioría no pleno) e ás asociacións de veciños. Comisión de Seguimento que cando as obras estaban no seu maior apoxeo tamén se atopaba bloqueada e secuestrada polo goberno local.

Non pode ser que nun proceso duns 10 anos (2008-2018) fagan referencia a todo o malo do goberno do PSOE, que serían uns 3 anos, e ningunha referencia negativa aos gobernos do PP, que duraron practicamente 7 anos. Non pode ser que durante os anos dos gobernos do PP todas as xestións realizábanse “con calma” e agora nos acordos pidan todo de xeito inmediato. AER está dacordo cos acordos, pero hai que evidenciar a **hipocrisía e partidismo co que o PP tenta de tirar tallada deste asunto.**

Cando o Partido Popular era o máximo responsable político do Ministerio de Fomento foi cando se executaron as obras, cando se levaron a cabo as expropiacións, cando veciños e veciñas recibían ameazas de sanción por burofax, cando o concelleiro de Interior, Arturo González, pedía a veciñanza que apartaran os coches para que pasara a maquinaria, cando se ninguneou á veciñanza de Redondela con falsas promesas e colexios supostamente “gratis”.

Como toda a veciñanza sabe, e así se constatou nos medios de comunicación, **o alcalde de Redondela foi á inauguración das obras sendo consciente de que as obras non recollían compensacións**, tal como agora eles mesmos expoñen no manifesto; e xusto cando o Ministerio Fomento cambia de cor política, todas as demandas deben ser inminentes, ocultando así a súa mala e ineficaz xestión previa.

O goberno local fala de que a finca da “Xinaria” cedese gratuitamente cando realmente **o Concello vai ter que gastar sobre un millón de euros en urbanizala**, deixando de facerse outras obras necesarias para o noso concello. Así pois a urbanización da “Xinaria” esgotou a totalidade da partida de remanente á que estaba vinculada, quedando sen dotación económica un lote de obras en varias parroquias, que finalmente van ser executadas con cargo ao Plan Concellos da Deputación de Pontevedra.

AER non ten constancia algunha de que o Consello de Estado ditaminara favorablemente no mes de maio a *adenda* da que fala o goberno local onde estarían incluídas as melloras agora urxentemente reclamadas. Só atopamos que "se tratou" no consello de Estado, polo que demandamos que Javier Bas ensine o ditame favorable, de existir.

O goberno local do PP sempre afirmou que o Concello non podía dispoñer autobuses destinados a mobilizacións ou protestas, ou polo menos para certo tipo de protestas. De feito nunca se puxeron autobuses para trasladar á veciñanza a concentracións ou protestas ante a Xunta de Galicia ou a Delegación do Goberno durante os anos en que estas institucións estaban gobernadas polo Partido Popular. **Este cambio tan radical amosa a súa hipocrisía e incoherencia cando agora si que fretan autobuses para as manifestacións** que eles mesmo promoven.

Redondela, 11 de outubro de 2018